

ALFONSO FERNÁNDEZ LOSADA, enxeñeiro industrial, PROXECTISTA das obras e instalacións referidas, segundo a solicitude do TITULAR, realiza o presente

INFORME

OBRA: **OBRAS DE REHABILITACIÓN E REFORMA DUN INMOBLE MUNICIPAL PARA CENTRO INTERXENERACIONAL**

TITULAR: **CONCELLO DE PORTOMARÍN**

CIF: **P-2704900-F**

EMPRAZAMENTO: **Travesía de Lugo, 4
PORTOMARÍN (LUGO)**

PROXECTISTA: **Alfonso Fernández Losada (DNI 34.257.349-E)**

DATA: **8 de xaneiro de 2019**

O redactor do proxecto anteriormente indicado **informa**, en relación co indicado na *Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no Artigo 99. Obxecto do Contrato,*

[...]

3. Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada una das súas partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras.

En todo caso consideraranse motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:


a) O feito de que a división en lotes do obxecto do contrato conlevase o risco de restrinxir inxustificadamente a competencia. Aos efectos de aplicar este criterio, o órgano de contratación deberá solicitar informe previo á autoridade de defensa da competencia correspondente para que se pronuncie sobre a apreciación de dita circunstancia.

b) O feito de que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, no seu caso, xustificados debidamente no expediente.

[...]

O proxectista considera que non se debe dividir en lotes o obxecto do contrato porque, debido á natureza do obxecto do mesmo e ás características das obras e instalacións proxectadas, a división por lotes precisaría unha coordinación axustada da execución das diversas actuacións parciais, xa que as actuacións parciais teñen coincidencia espacial e precisan dunha secuencia temporal moi axustada, ademais de tratarse de unha única obra, polo que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulta a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico e pon en risco a correcta execución das actuacións proxectadas.

E para que conste aos efectos oportunos, asínase o presente INFORME en Monforte de Lemos, a 18 de FEBREIRO de 2019



Asdo.: **ALFONSO FERNÁNDEZ LOSADA**
DNI 34.257.349 - E
Enxeñeiro Industrial
Colexiado nº 1.103 do I.C.O.El.I. de Galicia
ABANTE INGENIERÍA S.L.P.
CIF B-27.243.666 – Nº Rex. Ind. 270109490